

# A Formación Profesional en Galicia

## Esperanza Piñeiro

A FP regulada no sistema educativo actual ton a súa orixe na Lei de Educación de 1970, e o Regulamento Provisional da FP de 1975. A FP dentro do sistema educativo, está inserta nas Ensinanzas Medias. Accédese tras cursar a EXB, sin necesidade de poseer o graduado escolar.

En Galicia a FP ten 21 ramas distintas, que a súa vez se dividen en outras moitas profesións. Nembregantes a 70 por 100 do alumnado está matriculado nas ramas Administrativa e Comercial, Electricidade e Electronica, Metal, Automoción e na rama Sanitaria.

A realidade situou á FP dentro do sistema educativo como unha bolsa de fracasados. Fracasados na EXB o fracasados socialmente. A vía final cara as ensinanzas técnicas universitarias ó posible, pero realizable en moi poucas ocasións.

## Obxectivos e titulación

O obxectivo fundamental da FP é a preparación de alumno para exercer unha profesión, con título de Técnico Auxiliar ó remata-lo primeiro grado, e con título de Técnico Especialista ó remata-lo segundo grado. Os programas oficiais añaden ademáis a adquisición de coñecementos xerais, so que transcende os obxectivos dunha formación profesional en senso estricto o so intenta abarcar unha ensinanza de corte mais académico.

A formación dos alumnos no centro complementábase as veces con prácticas nas empresas.

## Recursos materiais

Non son alleos os centros de FP ós problemas xerais do ensino no que a medios técnicos se refire. Deficiencias na construción, antiguidade de moitos centros, falta de dotacións presupuestarias, masificación... fai que moitos destes centros non cumplan minimamente as funcións asignadas.

Estas deficiencias agrávanse na Ensinanza Privada. Salvo excepcións, atopámonos en Galicia centros privados e academias en malas condicións de espacio e material.

Centros existentes en Galicia no curso 1989-90:

Públicos: 90, con 47.060 alumnos.

Privados: 54.

Academias: 22, con 3.483 alumnos.

## O profesorado da FP

Os problemas comúns co resto do profesorado de ensino non universitario, añádese por parte da administración educativa a consideración da FP como ensinanza de segunda categoría e, por tanto, menos recoñecida, peor dotada e máis desatendida.

Segundo o Regulamento Provisional da FP (Orde do 30 de nov. de 1975) e a Resolución do 24 de abril de 1989 pola que se regula a organización das actividades docentes do presente curso, os profesores dos centros de FP se organizan en Divisións e Departamentos Xerais e de Areas (varía segundo o n.º de alumnos por centro). Esta organización está completamente anticuada e non responde as necesidades de traballo en equipo do profesorado, xa que non existen os seminarios por materias como nos institutos de BUP.

### **Os alumnos de FP**

Dos máis de 50.000 alumnos matriculados en Galicia na FP, regulada, a maioría caracterízase por ter unha procedencia social das capas de poboación máis desfavorecidas, e moitos casos cun precedente de fracaso escolar na EXB.

A concepción da FP como ensinanza de segunda categoría que reproduce a oestructura social dominante, son especialidades e programas non adecuados as necesidades do mercado de traballo, contribue ó fracaso escolar dos alumnos e ó fracaso da FP en xeral.

- FP 1 rematan o 12 por 100 dos alumnos que iniciaron estes estudos.
- FP 2 rematan o 68 por 100 dos alumnos que iniciaron estes estudos.

Nos últimos curso, algúns alumnos de 3º de FP 2 realizaron practicas subvencionadas nas empresas, e controladas por un profesor titor. Pese ás promesas da Consellería de Educación (asinadas no acordo cos estudantes, trala súa folga do curso 1986-87) de ampliar as becas para practicas nas empresas a 8.000 ou a tódolos alumnos de 3º de FP 2, as becas siguen sendo totalmente insuficientes, e diminuen cada ano.

Número de becas para prácticas nas empresas concedidas en Galicia.

- Curso 1987-88: 2.000 becas.
- Curso 1988-89: 1.350 becas.
- Curso 1989-90: a Consellería aínda non informou do n.º total de becas que vai a conceder, da súa distribución por provincias e centros e da súa regulamentación. E máis a Consellería de educación aínda non fixo efectivo o pago das subvencións acordadas nin ás empresas nin ós alumnos que fixeron as practicas no curso 1988-89.

Os retasos nos pagos das subvencións, que se repite tódolos anos, e a insuficiente información ás empresas por parte da administración dificulta ós Institutos de FP acordos sobre novos concertos de prácticas.

A Federación de Ensino de CC.OO. denuncia o fracaso do sistema educativo e concretamente da FP en Galicia. O fracaso escolar é enorme, os títulos da FP están desvalorizados e non son competitivos. O fracaso vén dado por unha superespecialización destas ensinanzas que non están dacordo coas necesidades do mercado de traballo. A FP convirtese así nunha bolsa de fracasados destinada a atenuar-lo paro xuvenil.

A nosa alternativa parte de enmarcalos estudos técnicos profesionais dentro da revolución científico-técnica na que estamos inmersos, que vai influir no mercado de traballo e que pon de manifesto a necesidade de formación permanente e de reciclaxe do traballador ou futuro traballador.

Haj que preparar ós alumnos de cara non a unha superespecialización, senon de cara a unha formación xeral científico-técnica e práctica que lles permita a súa inserción no mundo do traballo e posibilidade de mobilidade.

No proceso de discusión e implantación da Reforma das EE.MM. a Federación de Ensino de CC.OO. defende a necesidade de:

- Unhas ensinanzas técnico-profesionais adaptadas as novas Tecnoloxías ó mercado de traballo en Galicia.
- A regulamentación de prácticas nas empresas para tódolos alumnos de FP 2, cun salario e unhas condicións de traballo determinadas tamén nos convenios colectivos e controladas por un profesor titor.
- A creación de seminarios por Asignaturas dentro dunha nova regulamentación da FP.
- O aumento e reciclase do profesorado, avanzando cara a nosa alternativa de corpo único. Mentras tanto esiximos a desaparición da obrigabilidade que teñen algúns profesores de prácticas de impartir asignaturas teóricas (tecnoloxías).
- Mellora da calidade do ensino, que pasa por unha adecuada dotación dos centros, e a diminución do nº de alumnos por aula.

Estas reformas non poderán levarse a cabo se non se afronta o problema da financiación no camiño de conseguir unha inversión en educación igual a dos países do entorno europeo.